



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA UN DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

Expte: 2025/G007/00011

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día un de abril de dous mil vinte e cinco, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 133 de data 31 de marzo/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 25.03.2025 (ORDINARIA).-

O alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 25.03.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

2.A. Licenza de parcelación (segregación).-

“Proposta de Alcaldía para Licenza de Parcelación (Segregación).

Expte 13/2024

Tedec 2024/U018/000013

.- Expte. de parcelación (exp. 13/2024).- XXXXXXXXXX (representado por XXXXXXXXXX) Para licenza de **parcelación (segregación)** sita na Avenida Areeiros, parroquia de Valdoviño, no Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación realizado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola Esteban García Alonso, de data decembro de 2024.

A parcela obxecto deste proxecto se corresponde coa referencia catastral nº

9394163NJ6299S0001PW.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SOLO
PARCELA A	1.018 m ²	Solo Urbano
PARCELA B	1.018 m ²	Solo Urbano
RESTO PARCELA MATRIZ	1.019 m ²	Solo Urbano

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 25 de marzo de 2025**, no que conclúe que o proxecto de reorganización de parcelas é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 27 de febreiro de 2025**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licenza de parcelación (segregación) a [REDACTED] para a parcela sita na Avenida Areiros, parroquia de Valdoviño, con referencia catastral nº 9394163NJ6299S0001PW segundo a documentación técnica presentada e asinada polo enxeñeiro técnico agrícola Esteban García Alonso e coas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data **25 de febreiro de 2025**, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **366,60 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/U018/000013).

2.B.- Validar documentación técnica.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA VALIDAR DOCUMENTACIÓN TÉCNICA

Expte: 271/2021. Tedec: 2021/U022/000023

.- Expte. de obras 271/2021.-

- Para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar** nunha parcela situada no lugar de **Montefaro, 139-182 , parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño** e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Alberto García-Samaniego Rey.

Concedeuse a licenza de construción de **vivenda unifamiliar** en Xunta de Goberno Local de data 31.03.2022 coa seguinte documentación técnica:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada, redactado polo arquitecto Alberto García-Samaniego Rey, achegado o 3/11/2021.
- Documentación complementaria (plano P01 mod e P05) achegada o 10/03/2022 e redactada polo mesmo arquitecto.

Como condición expresa da licenza de obras, impoñiase a obriga de non iniciar as obras entanto non se aportara a seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparellador como director de execución da obra, nun modelo homologado e visado polo colexio profesional.

O 30.05.2022 co núm. de rexistro 202299900000366 achegase ao expediente o Proxecto de execución de vivenda unifamiliar visados o 25.05.2022.

O 26.03.2025 co núm. de rexistro 2025999000000053, achegase escrito a nome de Luis Enríquez Pazos como arquitecto técnico da obra, no que se solicita que non se teña en conta o contido do último parágrafo do nomeamento de oficio de dirección de execución presentado en data outubro 2021 e se de este documento como definitivo do devandito nomeamento.

Visto que o proxecto de execución achegado non presenta diferencias con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras.

E que a documentación que se achega é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 27 marzo de 2025 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a devandita documentación técnica achegada podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 271/2021:

- Proxecto de execución, visado
- Nomeamento do arquitecto como director de obra a nome de Luis Enríquez Pazos

Segundo.- Dado que o orzamento reflexado no proxecto de execución non varía con respecto a do proxecto básico non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 31.03.2022.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.

En Valdoviño na data da sinatura electrónica.
O alcalde. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2021/U022/00023).

3º.- APROBACIÓN DA POSTA EN MARCHA DO SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA NO MARCO DOS SERVIZOS SOCIAIS.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA NO MARCO DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Visto a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos e visto o informe técnico da Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Valdoviño e que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PROFESIONAIS COMPLEMENTARIOS NO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS: ATENCIÓN PSICOLÓXICA

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais, en relación á situación actual do Departamento e á valoración das necesidades das persoas usuarias ás que se atende dende os diferentes programas dos Servizos Sociais Comunitarios

INFORMA

- 1. Que nos últimos meses apréciase un incremento da necesidade de ampliar a atención proporcionada ás persoas usuarias do Departamento de Servizos Sociais desde o punto de vista psicolóxico mellorando así o servizo xeral e ampliando o principio de atención integral recollido na normativa autonómica e na filosofía propia dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño.*
- 2. Esta circunstancia ven dada pola saturación existente nos recursos sanitarios ou nos servizos específicos ou especializados de saúde mental no ámbito comarcal, que fan insuficiente a atención persoal e implican un alto nivel de risco e unha dificultade para avanzar no proxecto de vida dalgunhas persoas.*
- 3. A necesidade detectada en relación á saúde mental afecta directamente ás circunstancias sociopersoais e a un aumento da vulnerabilidade, existindo un risco de cronificación nas persoas ás que se atende no marco da intervención social e educativa.*
- 4. O persoal dos Servizos Sociais atenden e sosteñen esta realidade, se ben non poden dar cobertura á intensidade ou problemática específica que presentan algunhas das persoas usuarias e non existe a opción de atención inmediata na rede sanitaria, o que fai que poidan darse situacións de desprotección ou risco suicida.*

5. Que esta necesidade trasládase ao persoal político co obxectivo de valorar a súa conformidade e impulsar este servizo.
6. Que esta contratación do servizo pode vincularse ao POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, o plan de financiamento da Deputación da Coruña, ao estar recollido na solicitude correspondente.
7. Que trala exploración feita entre as posibles entidades coas que se formalizar o contrato escolleuse a “Vitei Psicología” por encaixar co enfoque de intervención do Departamento, solicitando unha proposta técnica, metodolóxica e económica acorde coas necesidades.
8. Que na proposta presentada recóllense as seguintes áreas de traballo:
 - Atención Individualizada:
 - Avaliación da situación emocional e psicoeducativa da persoa usuaria, identificando áreas de dificultade .
 - Realización de 4 sesións individuais de psicoterapia durante unha mañá semanal (5 horas de atención presencial), nas cales se traballarán tanto as problemáticas especializadas como outros aspectos relacionados co benestar emocional .
 - En caso de detectar a necesidade dun diagnóstico formal ou un seguimento clínico máis intensivo, procederase á derivación ao SNS.
 - Intervención Psicoeducativa:
 - Explicación clara e accesible dos fundamentos teóricos e prácticos de cada técnica ou recomendación terapéutica, co obxectivo de que a persoa usuaria comprenda e involúcrese activamente no seu proceso de cambio.
 - Elaboración de materiais e pautas prácticas que faciliten o autocoidado e a autoxestión das emocións, adaptados ás necesidades individuais de cada caso .
 - Tarefas Administrativas e de Xestión:
 - Rexistro e arquivo confidencial da información relativa ás sesións .
 - Organización e planificación da axenda de atención, garantindo a continuidade e flexibilidade na prestación do servizo .
 - Elaboración de informes periódicos e memorias que reflectan a evolución e resultados do proxecto .
9. En relación ao Deseño da Organización e Planificación, concrétase do seguinte xeito:
 - Horas de Atención: O servizo levará a cabo durante unha mañá á semana, cun total de 5 horas de atención presencial, distribuídas en 4 sesións individuais de psicoterapia .
 - Modalidade de Intervención: A atención realizarase de forma presencial no Concello de Valdoviño, garantindo un ambiente seguro e confidencial para o usuario. Non se contemplan sesións grupais neste proxecto
 - Planificación e Seguimento: Aplicarase un modelo de intervención cíclico que comprende :
 1. Avaliación Inicial e Psicoeducativa: Realización dunha primeira sesión orientada a identificar as necesidades e explicar o proceso terapéutico
 2. Intervención: Desenvolvemento das sesións de psicoterapia individual centradas no fortalecemento da autoxestión emocional .
 3. Seguimento e Derivación: Monitorización do progreso e, en caso necesario, derivación ao SNS para avaliacións diagnósticas especializadas.
10. En relación ao orzamento, a oferta presentada é de 870 euros mensuais, correspondentes ao traballo especificado (5 horas presenciais semanais + 3 horas adicionais de traballo complementario).
11. A previsión é iniciar o servizo dende a última semana de abril, sendo parcial o importe deste mes e sendo completo a partir do mes de maio.

Por todo o exposto, preséntase a proposta para que sexa retido o crédito correspondente e aprobada a posta en marcha do servizo de atención psicolóxica.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, Iria García Martínez (colexiada 3545).

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da posta en marcha do servizo de atención psicolóxica no Departamento de Servizos Sociais contratado a Vitei Psicología, por un importe mensual de 870 euros.

Valdoviño, 28 de marzo de 2025

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C002/000001).

4º.- APROBACIÓN DA POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA MELLORA, DE FORMACIÓN E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO MARCO DOS SERVICIOS SOCIAIS.-

“PROPOSTA DE ALCALDIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA DE FORMACIÓN E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO MARCO DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Visto a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos e visto o informe técnico da Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Valdoviño e que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTRATACIÓN DO “PLAN MELLORA” DE FORMACIÓN E MELLORA DE EMPREGABILIDADE NO MARCO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Iria García Martínez, Educadora Social do Departamento de Servizos Sociais, en relación á valoración que o persoal do Departamento fai das necesidades das persoas usuarias ás que se atende dende os diferentes programas dos Servizos Sociais Comunitarios

INFORMA

PRIMEIRO.- *A pesares de que unha alta proporción de persoas usuarias de Servizos Sociais se atopan en situación de desemprego ou emprego precario, existen tamén determinadas persoas que contan con certos aspectos facilitadores que as fan susceptibles de chegar a obter un emprego. As diferentes casuísticas familiares ou determinadas circunstancias sociopersoais implican en moitos casos dificultades para o acceso ao*

mercado laboral ou redución das oportunidades para chegar ao mesmo, sendo preciso potenciar os seus perfís para garantir a empregabilidade.

SEGUNDO.- Unha parte das persoas usuarias atendidas no Departamento de Servizos Sociais son perceptoras de axuda sociais estatais, autonómicas ou municipais. O feito de mellorar a súa empregabilidade e promover o acceso real a un posto de traballo incide no número de persoas perceptoras de axudas sociais, cun impacto directo na redución do gasto municipal.

TERCEIRO.- O persoal do Departamento xunto coa técnica do Plan de Inclusión Sociolaboral da Xunta que acode ao Concello de Valdoviño dous días á semana, valora necesario impulsar actuacións formativas que melloren o perfil das persoas usuarias en dous niveis.

1) Liñas de formación xeral para todas as persoas usuarias do Departamento de Servizos Sociais que cumpran os requisitos básicos.

2) Liña de formación para un grupo específico (Grupo Mellora+) que contan cunha serie de características que fai máis favorable o acceso ao mercado laboral coa mellora de certos aspectos sociopersoais e formativos. Este grupo ademais de optar á formación e mellorar o seu currículo e actitudes, tería un seguimento de cara a facer unha busca activa de traballo e acadar unha alta porcentaxe de empregabilidade no dito grupo.

CUARTO.- Para o desenvolvemento do proxecto, consultouse a unha empresa especializada na xestión e desenvolvemento de formación (Gestión Plus), que presentou unha proposta técnica e económica que engloba as seguintes actuacións:

Alfabetización dixital: Este curso ten como propósito principal proporcionar aos participantes as competencias necesarias para desenvolverse no entorno dixital de xeito autónomo e seguro. Entre os seus obxectivos específicos atópanse:

- Adquirir habilidades básicas no manexo de dispositivos tecnolóxicos como computadoras, teléfonos intelixentes, tabletas, etc.
- Aprender a utilizar ferramentas dixitais esenciais, como navegadores web, correo electrónico e aplicacións de comunicación.
- Fomentar a seguridade dixital, incluíndo boas prácticas para protexer a privacidade e os datos persoais en liña.
- Promover o emprego responsable de redes sociais e plataformas en liña para a comunicación e a interacción.
- Desenvolver competencias na busca e xestión de información dixital, optimizando o emprego de recursos dispoñibles en internet.

Duración: 40 horas

Nº máximo de alumnos/as = 10 persoas

Perfil do alumnado: Persoas adultas con coñecemento baixos ou nulos no uso de ferramentas tecnolóxicas e dispositivos dixitais.

Ofimática avanzada: O obxectivo xeral é capacitar aos participantes no manexo intermedio das principais ferramentas ofimáticas (procesador de textos, follas de cálculo, presentacións e correo electrónico). Os obxectivos específicos son:

- Mellorar o manexo do procesador de textos (Microsoft Word ou similar):
- Profundar no uso das follas de cálculo (Microsoft Excel ou similar)
- Elaborar presentacións profesionais (Microsoft PowerPoint ou similar)
- Xestionar o correo electrónico e ferramentas colaborativas (Microsoft Outlook, Gmail ou similar)
- Integrar as diferentes ferramentas ofimáticas nun entorno de traballo

Duración: 40 horas

Nº máximo de alumnos/as = 12 persoas

Perfil do alumnado: *Persoas adultas con coñecemento medio no uso de ferramentas tecnolóxicas e dispositivos dixitais.*

Formación vial: apoio para a preparación e obtención do carné de conducir.

O obxectivo é acompañar no estudo, preparación e obtención do permiso de conducir, cunha persoa que axude na explicación dos contidos de cara á preparación teórica e práctica e coa xestión da documentación.

Duración: 3 meses (clases teóricas 3 horas/2 días semana. Clase práctica por concretar)

Nº máximo de alumnos/as = 8 persoas

Perfil do alumnado: *persoas usuarias de Servizos Sociais (Grupo Mellora +) que cumpran os requisitos de acceso.*

Habilidades brancas e atención a clientes: *O curso ten dúas partes, unha teórica e outra práctica. Os obxectivos do curso son:*

.Aplicar técnicas de comunicación básica en distintas situacións de atención e trato en función de diferentes elementos, barreiras, dificultades e alteracións.

- Adoptar actitudes e comportamentos, incluíndo a empatía, a escoita activa e a orientación a solucións, que proporcionen unha atención efectiva e de calidade ao cliente en situacións sinxelas de atención básica no punto de venta.*

- Aplicar técnicas de atención e comunicación efectiva en distintas situacións de demanda de información e solicitude de clientes.*

- Adoptar pautas de comportamento asertivo adaptándoas a situacións de reclamacións e/ou solicitudes de clientes no punto de venta ou reparto a domicilio.*

Duración: 150 horas (atención ao cliente 45h + 45 habilidades brandas + 60 prácticas non laborais en empresas)

Nº máximo de alumnos/as = 12 persoas

Perfil do alumnado: *persoas usuarias de Servizos Sociais (Grupo Mellora +) que cumpran os requisitos de acceso.*

QUINTO.- *Os requisitos para participar nestas actividades son:*

- 1. Posuír expediente aberto nos Servizos Sociais Comunitarios*
- 2. Ter empadramento no Concello de Valdoviño*
- 3. Estar en situación de desemprego*
- 4. Percibir ou ter percibido nos últimos dous anos algunha axuda estatal, autonómica ou municipal de carácter social.*
- 5. Pertencer a unha unidade familiar sen ingresos económicos ou por debaixo do SMI.*
- 6. Que tendo as circunstancias anteriores a unidade de convivencia cumpra con algún dos criterios que se recollen como familias de especial consideración na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia:*
 - a) As familias numerosas.*
 - b) As familias monoparentais.*
 - c) As familias con persoas maiores a cargo.*
 - d) As familias con persoas con discapacidade a cargo.*
 - e) As familias con persoas dependentes a cargo.*
 - f) As familias acolledoras.*
 - g) As familias en situación de especial vulnerabilidade económica.*
 - h) As familias vítimas de violencia de xénero.*

No caso de exceder o número de demanda ou de potenciais participantes, farase unha baremación atendendo aos criterios anteriormente establecidos. A baremación terá a seguinte puntuación: 1 punto para cada un dos supostos comprendidos entre o número 3 e o 6, sendo o número 1 e 2 requisitos imprescindibles para participar no programa.

SEXTO.- Que esta contratación do servizo pode vincularse ao POS+Adicional 1/2025 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2025, o plan de financiamento da Deputación da Coruña, ao estar recollido na solicitude correspondente.

SÉTIMO.- O orzamento presentado pola empresa Gestión Plus suma a cantidade de 14986€, pola posta en marcha das diferentes actuacións recollidas.

Por todo o exposto, preséntase a proposta para que sexa retido o crédito correspondente e aprobada a posta en marcha do programa.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, Iria García Martínez (colexiada 3545).

En virtude das atribucións que me confire a vixente lexislación de Réxime Local

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da posta en marcha do programa Mellora, de formación e mellora da empregabilidade, no marco do Departamento de Servizos Sociais, contratado a Gestión Plus por un importe de 14986 euros.

Valdoviño, 28 de marzo de 2025

O Alcalde

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C004/000003).

5º.-ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/

Asdo. Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C004/000003).

5º.-ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/